

TACGal

Tribunal Administrativo de Contratación Pública
da Comunidade Autónoma de Galicia

MEMORIA do ano 2020

I. Balance xeral do 2020

O ano 2020 representa o terceiro de funcionamento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal). A presente memoria dá conta da actividade e estatísticas do TACGal durante ese ano, marcadas como veremos pola consecuencias do Covid-19, así como un breve resumo estatístico destes primeiros anos de funcionamento do Tribunal.

Podemos considerar ese ano 2020 como de consolidación na actividade deste Tribunal desde a súa posta en marcha o 2 de abril de 2018. Como mostran os datos estatísticos reflectidos nesta memoria, os prazos de funcionamento deste TACGal mantéñense en niveis reducidos e con mínimas variacións dun ano a outro, o que nos permite entender cumprido o compromiso de celeridade que require esta vía impugnatoria especial.

Como non pode ser doutra maneira, a contratación pública e en concreto a actuación deste TACGal veu marcada polas consecuencias da pandemia sanitaria derivada do Covid-19. Esa incidencia obsérvase claramente por unha redución substancial no número de recursos presentados perante este Tribunal durante os meses de suspensión de prazos administrativos establecida durante a vixencia de alarma en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e normativa posterior respecto diso. Aínda así, o número de recursos presentados é substancialmente maior ao correspondente ao ano 2018, primeiro no que este TACGal estivo en funcionamento, o que dá proba de que esta vía impugnatoria considérase plenamente útil polos potenciais recorrentes.

A este respecto, mostrar o meu agradecemento aos integrantes do TACGal e persoal da oficina administrativa, pois sen o seu esforzo non sería posible manter o funcionamento deste Tribunal nos estándares que os datos desta memoria poñen de manifesto.

Quero expresar moi especialmente o meu profundo agradecemento e, tamén, o meu recoñecemento ao labor realizado por Santiago Valencia Vila como presidente do TACGal durante estes tres anos, mandato que finalizou neste 2021. O seu esforzo, traballo e liderado nesta inicial etapa do Tribunal foron exemplares.


Tomás Otero Ferreiro
Presidente do TACGal

II. Actividade e estatísticas do TACGal no 2020


- **Número de recursos presentados**

En canto ao número de recursos presentados no ano 2020 foron **252**.

Supón unha diminución dunha 26,32% consecuencia principalmente da suspensión dos prazos administrativos acordada por causa do Covid-19, o que se observa claramente no seguinte cadro que reflicte a distribución mensual de entrada de recursos nese ano 2020, cunha significativa diminución durante o período en que esa suspensión de prazos estivo en vigor.



A evolución do número de recursos presentados nos anos 2018, 2019 e 2020 apréciase na seguinte gráfica:



- **Número de resoluciones ditas**

No 2020 o TACGal ditou **227** resoluciones de recurso especial.


Tamén houbo **72** resoluciones de medidas cautelares. É importante destacar aquí que, seguindo o criterio doutros tribunais de recursos administrativos, con efectos desde o 01.12.2019, este Tribunal Administrativo acordou non adoptar resoluciones de mantemento de suspensión nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos de adxudicación, salvo nos supostos en que expresamente se solicite o levantamento da suspensión automática polo órgano de contratación, entendéndose, noutro caso, vixente a suspensión ata a resolución do recurso que acorde o seu levantamento.

Finalmente, ditáronse 15 resoluciones doutra tipoloxía e emitíronse respostas a 155 consultas de órganos de contratación sobre a inexistencia de recurso especial sobre licitación determinada.

En total, foron **314** o total das resoluciones emitidas en 2020 por razón do seu funcionamento

Resultado dos recursos

Dos recursos resoltos no 2020, o 50% foron de carácter desestimatorio, o 28% de estimación (14,09% estimación total, 14,53 % parcial) e o 20% de inadmisibilidade.



Finalmente hai un 0,8% doutros, que se corresponden con desistencias dos recorrentes.

Se acudimos ao concepto “taxa de éxito”, entendida como a porcentaxe de estimacións, totais ou parciais, respecto dos asuntos onde se entrou no fondo (isto é, excluindo inadmisións e outros), foi do 36,31% no ano 2020.

En 2019 esa “taxa de éxito” estivera tamén nun 36%, en base a un 46% de recursos con resultado desestimatorio, un 26% de estimación (16% total, 10% parcial), un 24% de inadmisibilidade e un 4% de desistencias.



Por último, o artigo 57.4 LCSP esixe ao órgano de contratación que deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para darlle cumprimento ás resolucións estimatorias, o cal se lembra nas mesmas. Pois ben, no 46% desas resolucións estimatorias o TACGal recibiu tal comunicación ulterior (no 2019 aínda fora do 34%).

- **Valor estimado agregado**

A suma do valor estimado dos contratos obxecto de recurso polo TACGal no 2020 foi de 2.792.116.863 € (no 2019 fora de 2.220.185.029,34 €).

- **Tempos dos recursos**

A media de días naturais transcorridos desde que se interpuxo o recurso especial ata que se resolveu e notificou esa resolución foi de 18,14 días naturais (18,82 días en 2019). Se atendemos só aos días hábiles, esa media baixaría a 12,37 días (12,81 días en 2019). Vemos entón que a variación foi inapreciable respecto ao 2019, polo que o TACGal segue resolvendo en tempos que se axustan aos esixentes parámetros de celeridade deste recurso especial.




Como sabemos, unha vez interposto o recurso especial no TACGal o primeiro é solicitar do órgano de contratación o expediente e un informe. O tempo medio de recepción neste Tribunal desa documentación foi de 5,56 días hábiles (5,23 en 2019), desde a súa petición ao órgano de contratación. Debemos recalcar a este respecto a esixencia de rapidez para esta remisión fixada legalmente no artigo 56.2 LCSP.

Finalmente, unha vez recibido este expediente e informe, o prazo medio para ditar e notificar a resolución do TACGal a partir desa recepción foi de 6,32 días hábiles -6,12 no 2019- (nos recursos onde corresponde o trámite de audiencia aos licitadores, nese período insírese a mesma por cinco días hábiles).

- **Sector público recorrido**

O ámbito de competencia do TACGal abarca a Xunta de Galicia, entidades locais e universidades galegas, así como os sectores públicos dependentes destas.

Estes son as porcentaxes de recursos no tocante a cada un deles no 2020:




Dentro destes, ten relevancia cualificada o número referido á Administración sanitaria, concretamente ao Servizo Galego de Saúde, que representou o 31,77 % dos recursos correspondentes á Administración autonómica.

Observamos aquí certo movemento de datos respecto ao ano 2019, cun aumento de recursos que proveñen do ámbito local, pois nese ano previo a súa porcentaxe era do 43,45% e no 2020 sobe ata o 55,95%. Respecto a a Administración autonómica no 2019 estaba no 51,59% e as Universidades nun 5,36%.

- **Tipo de contratos**


Se atendemos á tipoloxía dos contratos estas serían as ratios.



Destacar neste sentido a cada vez maior preponderancia de recursos nas licitacións de contratos de servizos, en clara contraposición coa práctica inexistencia desta vía de impugnación no ámbito do contrato de obras, derivada lóxicamente dos diferentes limiares de acceso a este recurso especial fixados no artigo 44 LCSP.

- **Actos impugnados**

Os actos impugnados en función do tipo de acto recorrido se repartiría do seguinte xeito:



No ano 2020 as adxudicacións recorridas foron **86**, as exclusiones **71** e os recursos sobre pregos **77**.

- **Medidas cautelares**

Respecto aos recursos interpostos no TACGal no 2020, a porcentaxe das medidas cautelares serían do 28,57%. Adoptáronse as medidas cautelares solicitadas en 72 dos 252 recursos.

Sobre estes datos debemos apuntar que con efecto desde o 01.12.2019, aprobouse o acordo de non adoptar resolucións de mantemento de suspensión nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos de adxudicación (<https://tacgal.xunta.gal/acordos.html>). Este acordo reduce notoriamente a adopción de resolucións de suspensión cautelar en recursos contra a adxudicación da licitación, xa que opera automaticamente a suspensión establecida no artigo 53 LCSP.

- **Multas**

O artigo 58.2 LCSP recolle:

“2. No caso de que o órgano competente aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao seu responsable.

O importe da multa será de entre 1.000 e 30.000 euros e a súa contía determinarase en función da mala fe apreciada e do prexuízo ocasionado ao órgano de contratación e aos restantes licitadores, así como do cálculo dos beneficios obtidos.

O importe da multa imposta ingresarase en todo caso no Tesouro público.

As contías indicadas neste número poderán ser actualizadas mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública.”

No ano 2020 o TACGal viuse na obriga de impoñer dúas multas, ao estarmos no suposto establecido polo lexislador respecto diso, as cales, de non ser abonadas, foron remitidas á Axencia Tributaria de Galicia para a súa recadación.

- **Resolucións TACGal recorridas na xurisdición contencioso-administrativa**

No momento presente, a litixiosidade consolidada contencioso-administrativa respecto ás resolucións do TACGal está no 6,8% (excluimos os casos de inadmisibilidade xudicial ad limine litis firmes ou as desistencias do recorrente a tal vía xudicial). No ano 2019, esta cifra era do 6%.

- **Reunións de coordinación dos Tribunais administrativos de recursos contractuais**

A disposición adicional vigésimo terceira LCSP menciona:

“Os diferentes órganos de recurso que se creen acordarán as fórmulas de coordinación e colaboración máis adecuadas para favorecer a coherencia dos seus pronunciamentos e para a unificación da súa doutrina en relación coas cuestións que sexan sometidas ao seu coñecemento. Os ditos órganos poderán,

ademais, propor os axustes normativos e as recomendacións que resulten pertinentes para un mellor funcionamento dos mecanismos de recurso previstos na normativa sobre contratos públicos”

A celebración destas reunións de coordinación viuse afectada polas circunstancias derivadas da pandemia Covid-19. En todo caso, no ano 2020 o TACGal participou activamente, proponendo temas que se consideraban de interese na reunión de coordinación celebrada baixo o impulso do Tribunal Catalán de Contratos do Sector Público, ao que agradecemos a súa realización.

- **III : Resumo actividade 2018-2020**

Finalizamos esta memoria 2020 cun resumo dos datos mais importantes dos últimos tres anos de traballo do Tribunal.

1.- Polo que se refire ao número de recursos interpostos o Tribunal resolveu un total de 806 recursos, coa seguinte distribución anual.

2018	2019	2020
212	342	252

Observamos unha evolución crecente, cunha paréntese nos meses iniciais da pandemia do Covid-19, durante os cales, debido á suspensión de prazos dos procedementos administrativos de contratación, a interposición de recursos freouse, para volver recuperar unha línea crecente de interposición ao renovarse os prazos dos procedementos administrativos citados.

2.- Se nos fixamos no valor estimado total dos recursos interpostos nestes tres últimos anos, os datos son os seguintes:

Valor estimado total dos contratos recorridos:

2018 891.957.758,00 €

2019 2.220.185.029,34 €

2020 2.792.116.863,00 €

O que nos da un importe global de 5.904.259.650,34 €.


Obsérvase que a pesar de diminuír o número de recursos presentados do 2019 ao 2020 con todo a cifra do valor estimado dos contratos recorridos crece notablemente.

3.- En canto aos tempos de resolución polo Tribunal, fixarémonos nos días hábiles e naturais transcorridos desde a interposición ata a resolución :

	2018	2019	2020
Días Hábiles	12,40	12,81	12,37
Días Naturais	18,30	18,82	18,14

Observamos que a pesares do incremento no número de recursos presentados ante este TACGal, os prazos de resolución de recursos mantivéronse uniformes durante estes anos.

4.- Polo que respecta ao sector público recorrido o resumo dos tres últimos anos é o seguinte:



Destaca o progresivo incremento na porcentaxe de recursos procedentes do ámbito local en contraposición á redución correspondente á impugnacións no sector autonómico e nas Universidades galegas.

5.- Por último, a media resumo dos tres últimos anos no resultado dos recursos é a seguinte:

